

# EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1-Teléfono 218204

VIGO-22-setembre-1967

Sr. D. Luís Tobío  
M a d r i d

Meu querido amigo:

Fai unha chea de tempo que nada sei de ti, nin  
direita nin indirectamente. Pesie á maior prosi-  
midade, seguimos máis incomunicados que cando es-  
tabas en Montevideo.

¿Qué é da tua vida?

Escriboche agora istas liñas pra tratar do  
terceiro tomo da "Historia de Galiza". Dixéronme  
Prada e Don Manuel Puente que ti te encarregarías  
da edición, como fixeche cos outros dous volumes.

O texto do tomo xa está rematado. Abrangue  
362 folios, mecanografiados sobre o orixinal ma-  
nuscrito que deixou Cuevillas, e 90 máis que es-  
cribiu Xesús Taboada Chivite como apéndice e pos-  
ta ó día. Hai tamén fotos e dibuxos prá ilustra-  
ción. Pero sería comenente que ti dixeses sobre  
pouco máis ou menos, a cantidade deles que se ne-  
cesita.

Si aínda estás disposto a te facer cárrego do  
traballo, escribeme decíndome o que debo facer.  
¿Queres que che remese xa o material, ou tencio-  
nas faguer antes algunhas xestiós nas imprentas,  
recabando presupostos, etc.? Fico pendente das  
tuas novas.

¿Por qué non me envias algún traballo teu pra  
"Grial"? Algo has ter por ahí que servirá pra pu-  
blicar na revista.

Garimosos saúdos meus e da miña muller, prá  
túa e prós rapaces, e pra ti a cordial aperta de  
sempre, de

C/c, Banco de La Coruña, Banco Pastor, Banco H. Americano  
Banco Exterior de España, Caja de Ahorros Municipal de Vigo